



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de formación en procedementos estatísticos: Coñecemento e tratamento das fontes de datos dispoñibles

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Históricos EGAP

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	42
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	1999
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Proporcionar formación ó persoal da Administración local que, no desempeño do seu posto de traballo, realice tarefas estatísticas, co fin de actualiza-los seus coñecementos respecto ás fontes de datos dispoñibles, a correcta utilización dos instrumentos adecuados para a recollida de datos, o tratamento básico deles e a súa utilización na elaboración de informes.

DESTINATARIOS

Funcionarios da Administración local que, no desempeño do seu posto de traballo, realicen funcións relacionadas coa estatística.

PROGRAMA

Análise da organización estatística na Comunidade Autónoma de Galicia. O Instituto Galego de Estatística. Lei, plan e programas estatísticos. Principais datos dispoñibles para unha análise socioeconómica a nivel municipal: a súa orixe e formas de obtención. Análise básico dos datos. As táboas e representacións gráficas. Cómo resumi-la información que conteñen os datos. Principais características. A relación entre dúas ou máis variables. Técnicas para a súa análise. Estudio das principais estatísticas socioeconómicas. A elaboración dun informe estatístico a nivel municipal. As follas informativas

O curso inclúe clases de tipo práctico para ilustra-lo contido do programa.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As solicitudes serán seleccionadas segundo os seguintes criterios:

Contido estatístico das tarefas desempeñadas no seu posto de traballo.

Grao de coñecemento en materia estatística.

Desempeño de traballos relacionados con rexistros administrativos.

En calquera caso, os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 27 de xuño de 1994, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 149, do 3-8-1994).

3. DATOS EDICIÓNS

OE999FR001

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 28/04/1999 a 08/05/1999

NUM. PRAZAS: 15

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Escola Galega de Administración Pública (EGAP), polígono das Fontiñas, rúa de Madrid 2-4, 15707 Santiago de Compostela